

Coñecendo a María Mariño Ester Vázquez
Blanco ester.cristimil[arroba]gmail.com

Introdución

Son a suma total
daquel que foi medindo
a pegada aquela que non digo,
pegada que soia se puxo o seu nome.
Son resta da esperanza -diferencia quedou-
Multiplicada xa nacín,
pra qué dividirme agora?

¿QUEN É MARÍA MARIÑO?

O museo de Pobo Galego decide organizar
runha exposición temporal dedicada á vida e
obra de María Mariño a raíz de ser a autora
homenaxeada no certame das letras galegas
do ano 2007. Para isto, reúne a un grupo de
expertos na figura da autora.

Plantilla deseñada por [José M^a González-Serna](#) segundo o modelo de [Bernie Dodge](#).
Este documento atópase baixo [Licencia Creative Commons](#).

Formas parte do grupo de expertos na vida e obra de María Mariño. Nese grupo está presente un literato, un historiador e un xornalista. Tedes que:


- Diseñar unha proposta de exposición de cara a presentala ao museo para a súa aprobación. Debe ser en formato dixital e procederedes á súa exposición oral.
 - Elaborar a exposición para o museo (podedes pensar en cartulinas para realizar os diferentes paneis, recompilar fragmentos para crear algunha vitrina, zona de lectura...).

A exposición debe cubrir os seguintes apartados:

- Contextualización histórica: en que momento viviu María Mariño, que acontecementos sociais, políticos... marcaron a súa vida.
- Breve biografía da autora. Pensa que sempre resulta atractivo contar con detalles da infancia e xuventude.
- Obras máis importantes, etapas e temáticas na súa obra... É interesante poder ofrecer imaxes das obras.

A proposta da exposición incluirá:

- Estrutura.
 - Contidos que incluirá.
- Aspectos materiais: soporte que empregará, espazo, distribución espacial.



Plantilla deseñada por [José M^a González-Serna](#) segundo o modelo de [Bernie Dodge](#).
Este documento atópase baixo [Licencia Creative Commons](#).

María Mariño

Dividide a clase en grupos cooperativos de 3 persoas, asumindo cada unha delas un dos tres roles do grupo de expertos: literato, historiador e xornalista. Cada un de vós adoptará o punto de vista do seu personaxe e, valéndose dos recursos que se ofrecen no seguinte apartado, fará a súa aportación ao grupo. Debatide internamente como organizar a exposición e os contidos que formarán parte da mesma.

Plantilla deseñada por [José M^a González-Serna](#) segundo o modelo de [Bernie Dodge](#).
Este documento atópase baixo [Licencia Creative Commons](#).




María Mariño

Poderás atopar información nas seguintes webs:

- Se eres o literato:

- « Presentación bio-bibliográfica:
- « Vida, datos históricos e obra literaria:
- « Datos de vida e obra e selección de poemas:
 - « Selección de poemas:
 - « Poema "Son a Suma Total":
 - « Edición da súa obra completa :

- Se eres o historiador:

- 
- « Presentación bio-bibliográfica:
 - « Vida, datos históricos e obra literaria:
 - « Galería de imaxes comentada :
 - « A historia de Galiza durante a vida de María Mariño:

- Se eres o xornalista:

- « Presentación bio-bibliográfica:
- « Nova da selección de María Mariño como autora homenaxeada:
- « Nova da selección de María Mariño como autora homenaxeada:
 - « Edición da súa obra completa :
 - « Poema musicado con voz de Uxía Senlle:

Plantilla deseñada por [José M^a González-Serna](#) segundo o modelo de [Bernie Dodge](#).
Este documento atópase baixo [Licencia Creative Commons](#).

María Mariño

Pensando na celebración das Letras Galegas no Centro, a WebQuest combina producións dixitais con producións en soportes materiais.

A exposición real poderá montarse nos corredores do centro e formar parte das actividades que especificamente se realicen para conmemorar a data sinalada.

OBXECTIVOS:

Afondar no coñecemento da vida e obra do persoeiro galardoado no día das Letras Galegas no ano 2007.

Aprender a usar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación, nomeadamente a Internet, para buscar, elaborar e interpretar información.

Aprender a traballar de xeito cooperativo. Propiciar a responsabilidade individual e grupal na consecución dun obxectivo común.

Aprender a presentar traballos tanto oralmente como por escrito.

TEMPORALIZACIÓN:

Búsqueda, selección e procesamento da información por parte de cada membro (situarse no rol): 1 sesión de 1h.

Planificación do proceso de traballo, procesamento grupal da información, estruturación da tarefa a realizar (simulación do debate de expertos): 2 sesións de 1 hora.

Elaboración do material requerido: 6 sesións de 1 hora.

Preparación da presentación oral: 1 sesión de 1 hora.

Presentación oral: 1 sesión de 1 hora (axustable en función dos membros do grupo).

Montaxe da exposición no centro: 1 sesión de 1 hora.

MATERIAIS:

Aula de informática con conexión a internet.

Impresora.

Cartulinas, pegamento, rotuladores... (para montar a exposición).

Canón proxector (para realizar a presentación oral).

METODOLOXÍA:

Para un óptimo aproveitamento das dinámicas de WebQuest, é interesante aplicar estratexias propias da aprendizaxe cooperativa, pois unha WebQuest non é máis que unha forma posible de aprendizaxe cooperativa empregando as Tecnoloxías da Información e a Comunicación.

Non podemos esperar que os nosos alumnos e alumnas saiban organizar e xestionar de forma espontánea un grupo de traballo con todo o que implica: planificación da tarefa, coordinación, xestión do material, procesos de toma de decisión... O ámbito do aprender a ser e aprender a convivir e as estratexias precisas para desenvolverlo deben formar parte dos obxectivos de calquera proceso de aprendizaxe.

As seguintes referencias poden sernos útiles á hora de traballar o desenvolvemento das habilidades cooperativas e de organizar as sesións de traballo grupal da WebQuest. Pensemos que neste proceso teremos que responder a preguntas aparentemente triviais pero claves para o desenvolvemento da tarefa como son o criterio de constitución dos grupos, estratexias de control e seguimento dos mesmos..., cuestións antes das cales os seguintes traballos poden axudarnos a posicionarnos:

Los grupos de aprendizaje cooperativo, una propuesta metodológica y de organización.

Principios didácticos, aprendizaje cooperativo y proceso de enseñanza

Datos da WebQuest:

- Autora: Ester Vázquez Blanco.
- Nivel Académico e curso ao que vai dirixida a WebQuest: 3º Ciclo de Primaria e 1º da ESO
- Materia: Lingua galega, transversal.

Este documento atópase baixo [Licencia Creative Commons](#).



Créditos e referencias

Plantilla deseñada por José M^a
González-Serna segundo o modelo de Bernie
Dodge. Este documento atópase baixo Licencia
Creative Commons.
No apartado de recursos utilizáronse diversas
webs entre as que cabe salientar a do Consello
da Cultura Galega.
As citas e imaxes de María Mariño foron
obtidas na súa maior parte da citada web.



Índice

índice.....	1
tarefa	2
proceso	3
recursos	4
avaliación.....	5
guía didáctica	6
créditos	8

